



Plan estratéxico

2016-2019

Principais magnitudes Cifras de Espazocoop

1	186 cooperativas
2	1.142 socias e socios traballadores/as
3	340 socias e socios consumidores/as
4	570 personas contratadas
5	45 millóns de facturación

Misión, visión e valores

A identidade de Espazocoop

Misión

A unión de cooperativas é unha entidade multisectorial de carácter empresarial, configurada como asociación sen ánimo de lucro, de ámbito galego, integrada por cooperativas de distintas clases, inspirada nos principios cooperativos e os seus valores e que ten como obxectivo, agrupar, representar, impulsar, fomentar a intercooperación e defender os intereses das súas cooperativas socias e das persoas que as constitúen, así como a divulgación, fomento e consolidación do cooperativismo, como ferramenta de desenvolvemento socioeconómico, no marco da economía social e solidaria.

Visión

A unión de cooperativas aspira a ser a entidade de referencia no ámbito do cooperativismo galego, no marco da economía social e solidaria, con vocación de influencia na sociedade e de transformación social, consolidando os valores e principios cooperativos e colaborando na consecución dunha economía baseada na primacía das persoas, o desenvolvemento sostible e a responsabilidade social.

Valores

A unión de cooperativas ten como referencia e marco de funcionamento os seguintes principios e valores compartidos, que forman parte da súa cultura e identidade:

- Aberta e non discriminatoria.
- Autonomía e independencia.
- Proactividade e participación.
- Interese pola comunidade, responsabilidade social e sustentabilidade.
- Solidariedade, cooperación, axuda mutua, traballo digno e en equipo, colaboración e intercooperación.
- Empatía coas persoas e entidades usuarias, cercanía e proximidade.
- Franqueza, honestidade, transparencia e xestión ética.
- Innovación, mellora continua e excelencia.
- Autoestima.
- Formación continua.
- Igualdade de xénero.
- Defensa da cultura e da lingua galega.

Plan estratégico Documento de síntese

Obxectivo estratégico 1

Visibilizar o cooperativismo, incrementar a súa incidencia política e promover as relacións entre cooperativas

Incrementar a visibilidade de Espazo Coop e das cooperativas que representa. Incrementar a relación coas cooperativas socias e entre elas, con canles de comunicación interna áxiles e efectivas. Conseguir o recoñecemento público e social e incrementar o peso do cooperativismo no deseño e desenvolvemento das políticas públicas. Ser o referente do sector cooperativo en Galicia.

Liñas estratégicas

- 1.** Mellorar a comunicación externa cara as institucións e cara a cidadanía, cun tratamento especial ás outras cooperativas e entidades da Economía Social e Solidaria.
- 2.** Fomentar a intercooperación entre as cooperativas socias e coa propia Unión así como establecer alianzas e proxectos comúns con entidades cooperativas e da economía social e solidaria afíns, tanto galegas coma estatais e internacionais.
- 3.** Incrementar a interlocución con diferentes institucións e acadar a representación de pleno dereito nos distintos consellos e foros onde se poidan tomar decisións a prol do cooperativismo e a economía social.
- 4.** Incrementar a base social da nova Unión, incorporando cooperativas de distintas clases e sectores, en especial as que non teñen representación.

Obxectivo estratéxico 2

Construír unha unión de cooperativas sostible e eficiente

Acadar a estabilidade orzamentaria e de tesourería de Espazocoop. Diversificar os recursos financeiros e explorar novas alternativas de financiamento. Consolidar unha estrutura organizativa áxil, eficiente e capaz de dar resposta aos obxectivos estratéxicos establecidos.

Liñas estratéxicas

- 1.** Buscar fontes de financiamento público en entidades e organismos distintos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como fontes de financiamento privado alternativas. Presentar candidaturas a proxectos de fondos europeos e desenvolver programas conxuntos con cooperativas e outras entidades.
- 2.** Incorporar mecanismos de mellora continua na organización do traballo. Avanzar na definición de funcións e responsabilidades da nova estrutura organizativa, así como na súa implementación e avaliación, promovendo a cohesión e o bo clima grupal, en coherencia cos principios, valores e obxectivos da organización.
- 3.** Investir na capacitación do equipo técnico e na mellora das infraestruturas e ferramentas de xestión.

Obxectivo estratéxico 3

Consolidación do asesoramento a grupos promotores e fortalecemento dos servizos para as cooperativas sociais

Impulsar os servizos de asesoramento e acompañamento a grupos promotores. Fortalecer e crear novos servizos para as cooperativas sociais e para entidades e grupos específicos. Consolidar a oferta formativa de calidade e innovadora.

Liñas estratéxicas

- 1.** Crear un catálogo de servizos que atenda ás necesidades das cooperativas sociais, dos grupos promotores e da divulgación da fórmula cooperativa, mellorando as estratexias de promoción de ditos servizos. Articular dito catálogo cos servizos prestados polas cooperativas sociais e por outras institucións ou entidades, como a Rede Eusumo.
- 2.** Dar resposta ás necesidades de asesoramento e de consultoría e impulsar novos programas e actividades formativas establecidos na estratexia de impulso do cooperativismo, dirixidos a cooperativas sociais e a outras entidades da economía social.
- 3.** Revisión metodolóxica e mellora continua dos procesos de asesoramento e formativos. Unificación de contidos e metodoloxía. Elaboración de recursos e material para o equipo de asesoramento e docente.